

Xela Arias: vida e obra

- Xela Arias naceu en 1962 en Sarria (Lugo).
- Sendo nena a súa familia trasladouse a Vigo, cidade na que Xela desenvolveu a maior parte da súa vida. Foi alí onde naceu o seu fillo Darío (1994).
- Abandonou os estudos cando estaba a rematar o Bacharelato e comezou a traballar na editorial Xerais, recentemente creada.
- Máis tarde retomou os estudos e cursou Filoloxía Hispánica, o que a levou a ser docente de Lingua e Literatura Española en diferentes institutos galegos.
- Ademais de escritora, foi editora, tradutora e profesora.
- Xela Arias faleceu en Vigo no ano 2003 debido a unha parada cardíaca.
- Na súa obra, fundamentalmente poética, atopamos estes catro poemarios:
 - *Denuncia do equilibrio*
 - *Tigres coma cabalos*
 - *Darío a Diario*
 - *Intempériome*